Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Consellería de Medio Rural e do Mar ás empresas Gecreri, S.L., Fundefo (Fundación para el Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación), Azetanet Formación y Consultoría e ADE (Asociación Empresarios Discapacitados de Galicia) ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2014 13:43:47**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/10/2014 13:43:58**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 13:50
Nº Rexistro: 29204
Data envio: 17/10/2014 13:50:43.400

grupo parlamentario de Galicia

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/10/2014 13:43:59**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/10/2014 13:44:00**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/10/2014 13:44:01**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2014 13:44:07**

**Javier Dorado Soto na data 17/10/2014 13:44:14**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/10/2014 13:44:20**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

grupo parlamentario de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Rosa Oubiña Solla, Jaime Íñiguez Martínez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Santalices Vieira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Presidencia da Xunta de Galicia ás empresas Gecreri, S.L., Fundefo (Fundación para el Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación), Azetanet Formación y Consultoría e ADE (Asociación Empresarios Discapacitados de Galicia) ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2014 13:44:41**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/10/2014 13:44:49**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/10/2014 13:44:50**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/10/2014 13:44:51**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/10/2014 13:44:53**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2014 13:45:04**

**Javier Dorado Soto na data 17/10/2014 13:45:15**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 13:51
Nº Rexistro: 29205
Data envío: 17/10/2014 13:51:03.978

grupo parlamentario de Galicia

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/10/2014 13:45:21**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 13:52
Nº Rexistro: 29209
Data envio: 17/10/2014 13:52:00.400

grupo parlamentario de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Rosa Oubiña Solla, Jaime Íñiguez Martínez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Santalices Vieira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Consellería de Sanidade ás empresas Gecreri, S.L., Fundefo (Fundación para el Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación), Azetanet Formación y Consultoría e ADE (Asociación Empresarios Discapacitados de Galicia) ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2014 13:45:50**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/10/2014 13:46:00**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/10/2014 13:46:01**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Rosa Oubiña Solla na data 17/10/2014 13:46:04**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/10/2014 13:46:05**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2014 13:46:17**

**Javier Dorado Soto na data 17/10/2014 13:46:24**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/10/2014 13:46:30**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 13:52
Nº Rexistro: 29210
Data envio: 17/10/2014 13:52:24.572

grupo parlamentario de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Rosa Oubiña Solla, Jaime Íñiguez Martínez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Santalices Vieira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Consellería de Traballo e Benestar ás empresas Gecreri, S.L., Fundefo (Fundación para el Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación), Azetanet Formación y Consultoría e ADE (Asociación Empresarios Discapacitados de Galicia) ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2014 13:46:54**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/10/2014 13:47:05**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/10/2014 13:47:06**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/10/2014 13:47:07**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 13:52
Nº Rexistro: 29210
Data envío: 17/10/2014 13:52:24.572

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/10/2014 13:47:08**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2014 13:47:14**

**Javier Dorado Soto na data 17/10/2014 13:47:24**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/10/2014 13:47:30**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

grupo parlamentario de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Rosa Oubiña Solla, Jaime Íñiguez Martínez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Santalices Vieira, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza ás empresas Gecreri, S.L., Fundefo (Fundación para el Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación), Azetanet Formación y Consultoría e ADE (Asociación Empresarios Discapacitados de Galicia) ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/10/2014 13:47:50**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/10/2014 13:48:20**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/10/2014 13:48:23**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/10/2014 13:48:24**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/10/2014 13:48:25**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

grupo parlamentario de Galicia

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/10/2014 13:48:33**

**Javier Dorado Soto na data 17/10/2014 13:48:40**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/10/2014 13:48:47**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29215
Data envío: 17/10/2014 14:07:01.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación de prestación do servizo de catering nos comedores escolares públicos nas que a concesionaria é a empresa Serunión S.A.

Nos últimos días téñense producido numerosas queixas de pais e nais sobre o servizo prestado no comedor de diversos centros escolares públicos, tanto en relación coa calidade da comida que se serve como nas condicións en que se fai este servizo.

Actualmente a concesión da xestión do comedor escolar nestes centros para todo o curso 2014/15 outorgóuselle á empresa Serunión, S.A. de procedente de fora de Galiza que foi beneficiaria de numerosas concesións da Consellaría de Educación. Anteriormente, durante o curso 2013/2014 este servizo fora adxudicado en moitos casos a pequenas empresas locais.

Á vista dos datos que figuran na plataforma de contratación parece que o criterio de adxudicación foi só o económico sen ter en conta as condicións de calidade da prestación e sen que ese aforro repercutise no custe que ten para as familias.

As queixas da comunidade educativa céntranse sobre o material empregado pola empresa concesionaria do servizo: bandexa onde se depositan os alimentos nun estado pouco hixiénico, e das condicións hixiénico-sanitarias en que é transportada a comida.

A continuación pódese constatar o estado da furgoneta na que se transporta a comida servida nalgúns destes centros que á vista está que non se trata dun vehículo

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

isotérmico que sería o mínimo esixíbel para o mantemento das adecuadas condicións dos alimentos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29215
Data envio: 17/10/2014 14:07:01.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén existe unha gran preocupación das nais e pais tanto polo anteriormente exposto como pola elaboración dos menús que consideran escasos e pouco elaborados tanto nutricionalmente como na propia presentación, e que mesmo como se pode apreciar nun estado de conservación, no caso dos frescos máis que cuestionábel.



Estas denuncias son realizadas polso pais e nais e do alumnado de diversos centros educativos que teñen o comedor xestionado por esta mesma empresa e que denuncian unha problemática similar.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estes feitos poñen ao descuberto de forma moi evidente o que xa vimos denunciando en diversas

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocasións. Que existe un claro deterioro no servizo e unha perda na calidade das comidas que se lle ofrece ao alumnado a través deste método de catering ao tempo que se pechan cociñas e se amortizan postos de traballo.

Por outro lado consideramos inadmisíbel, mesmo un estafa, que a teor da normativa aprobada polo Goberno Galego en relación co repago dos comedores escolares haxa familias que teñan que aboar 4,5 € por día por un menú que se serve nestas condicións.

Véxase cal é a ración que se lles ofrece a adolescentes polo prezo de 4,5 €:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29215
Data envío: 17/10/2014 14:07:01.384

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cinco croquetas, un anaco de pan, unha sopa, e unha peza de froita, en condicións lamentábeis. Menú miserento a prezo de luxo.

A alarma non fixo máis que incrementarse cando a comunidade educativa coñeceu que esta empresa de catering está sendo investigada pola Comunidade de Castela-León por atoparse na sopa dun menú escolar larvas brancas de gurgullo dun centímetro de lonxitude.

Consideramos no Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego que a gravidade dos feitos obrigan ao Goberno Galego a unha explicación e actuación inmediata en relación con estes feitos.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Como valora o Goberno Galego as denuncias que están formulando os pais e as nais en relación coa calidade e condicións do servizo de catering en numerosos comedores escolares de centros públicos de Galiza?

2.- Que actuacións ten previsto realizar ao respecto?

3.- Tendo en conta que a empresa en cuestión foi adxudicataria do servizo de catering en múltiples centros da Consellaría de Educación, fíxose con carácter previo a comprobación da idoneidade de instalacións, utensilios, experiencia profesional, calidade do seu desempeño, e mesmo á vista dos feitos do cumprimento da normativa vixente en materia hixiénico-sanitaria?

4.-Están realizando algún tipo de seguimento do cumprimento das condicións de prestación deste servizo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29215
Data envío: 17/10/2014 14:07:01.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Que medidas ten previsto realizar no inmediato en relación con estes feitos e coa prestación do servizo de comedor nestes centros?

6.- Non cre que a gravidade da situación debera comportar a rescisión inmediata dos contratos?

7.- Non considera de extrema gravidade que criterios de suposto aforro económico comporten un servizo de tan mala calidade e que mesmo pode supor un problema para a saúde?

8.- Non cre que esta situación debera comportar a reconsideración das súas decisións en relación coa eliminación da implantación de servizos de catering no canto de optar pola elaboración nos propios centros?

9.- Que garantías ten previsto implantar para garantir a calidade nutricional e hixiénico-sanitaria dos menús dos centros escolares?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

**Cosme Pombo Rodríguez**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tareixa Paz Franco na data 17/10/2014 14:03:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29215
Data envío: 17/10/2014 14:07:01.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/10/2014 14:03:32**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29224
Data envío: 17/10/2014 14:20:50.712





## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, Carmen Acuña do Campo, José Manuel Gallego Lomba, Beatriz Sestayo Doce, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández** e **María Quintas Alvarez,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Os habitantes dunha parroquia do concello de Vilamartín de Valdeorras, San Vicente de Leira, e algunhas empresas produtoras de lousa que traballan na zona veñen sufrindo dende hai máis de 20 anos graves dificultades de accesibilidade e de perigos obxectivos para as persoas no ámbito do transporte por estrada.

A estrada OU-0807, dependente da Deputación Provincial de Ourense, tense visto afectada dende fai dúas décadas por diversos problemas estruturais que impiden garantir a seguridade das persoas na circulación pola mesma.

Lamentablemente a administración competente, a pesares do tempo transcorrido dende que se produciron as queixas dos veciños e das veciñas e doutros axentes económicos e sociais, non ten feito nada para solucionar o problema; de feito o problema continúa, agravado polo paso do tempo e polas pésimas condicións físicas de operatividade das alternativas de transporte propostas.

As dificultades de transporte, afectan non só as persoas, e as empresas que traballan no zona, senón tamén a servizos públicos fundamentais, como o transporte escolar ou as emerxencias sanitarias, creando unha grave inquedanza na poboación.

A persistencia de gretas de grandes dimensións na estrada a que antes facíamos referencia, con graves problemas estruturais nesa estrada, fai imprescindible a actuación inmediata da administración pública que ten a obriga de velar polos intereses xerais dos cidadáns.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29224
Data envío: 17/10/2014 14:20:50.712





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. E consciente a Consellería de Economía e Industria do risco existente na circulación pola estrada OU-0807 en San Vicente de Leira, concello de Vilamartín de Valdeorras?

2. Dende cando ten coñecemento destes problemas de comunicación, para os habitantes desta parroquia, para as actividades económicas que se desenvolven nela e para o normal funcionamento dos servizos públicos esenciais, educativos e sanitarios?

3. Cales teñen sido as actuacións desenvolvidas pola Consellería de Economía e Industria ante os problemas de seguridade viaria existentes na estrada OU-0807 en San Vicente de Leira, concello de Vilamartín de Valdeorras?

4. Ante a persistencia destes problemas, ten previsto a Consellería de Economía e Industria buscar novas vías de actuación para solucionalos?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Carmen Acuña do Campo
José Manuel Gallego Lomba
Beatriz Sestayo Doce
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
María Quintas Alvarez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/10/2014 14:01:54**

**María Carmen Acuña do Campo na data 17/10/2014 14:02:00**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**José Manuel Gallego Lomba na data 17/10/2014 14:02:06**

**Beatriz Sestayo Doce na data 17/10/2014 14:02:12**

**Manuel Vázquez Fernández na data 17/10/2014 14:02:17**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/10/2014 14:02:22**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 17/10/2014 14:02:28**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 09:44
Nº Rexistro: 29226
Data envío: 20/10/2014 09:44:31.482

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Mª Soledad Soneira Tajes, María Quintas Álvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

Cantas subvencións ou axudas ten concedido a Consellería de Economía e Industria á empresa Azetanet Formación y Consultoría, ao longo dos últimos cinco anos?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajes na data 15/10/2014 18:43:43**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 15/10/2014 18:43:53**

**María Carmen Gallego Calvar na data 15/10/2014 18:44:00**

**María Carmen Acuña do Campo na data 15/10/2014 18:44:02**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 11:35
Nº Rexistro: 29235
Data envio: 20/10/2014 11:35:26.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Rodas Chapela** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás medidas adoptadas polo Goberno galego para que volva estar en funcionamento a base de rescate marítimo do Ruibo en Cee.

Na actualidade asistimos con perplexidade ao que acontece co heliporto de salvamento marítimo de Ruibo en Cee. Unha instalación recentemente inaugurada que requiriu unha inversión millonaria, máis de 14 millón por parte de Fomento, e que aos poucos meses fica desmantelada da súa función principal: albergar un helicóptero de última tecnoloxía en rescates marítimos, e prestar os servizos de salvamento para toda a franxa marítima da Costa da Morte.

Sen existir un pronunciamento claro e oficial das circunstancias que rodean á decisión de trasladar o helicóptero e ao seu equipo á base situada en Santiago de Compostela, a decisión parece ter que ver con deficiencias de seguridade propias ao deseño da instalación e non contar con dispositivos de voo nocturno.

A realidade deste traslado supón que a Costa da Morte queda prexudicada en canto aos tempos de rescate e asistencia a accidentes marítimos, principalmente da frota pesqueira, nun tempo medio estimado de 30 minutos (na ida e volta ata a base de Santiago) e esfumase o compromiso de dotar dunha base permanente de salvamento marítimo na localidade ceense.

Trinta minutos poden salvar unha vida no mar. En materia de rescates mariños todos sabemos que o tempo resulta fundamental, todo segundo conta, e moi

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 11:35
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 20/10/2014 11:35:26.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente cando acontece entre o lusco e fusco, coa última visibilidade do día. Pois os rescates nocturnos ofrecen resultados, case sempre, infrutuosos. Os mariñeiros da Costa da Morte sábeno moi ben.

O BNG defende que o ter un heliporto de tecnoloxía avanzada en rescates, non é un luxo que deba suprimirse polas políticas da AUSTERIDADE. Todo o contrario, é unha necesidade básica elemental que aporta un extra de seguridade, para unha profesión tan perigosa coma a dos mariñeiros. Agora, cando tiñamos acadado na Costa da Morte un dispositivo de seguridade destas características o goberno de Madrid, semella que despreocupado das cousas do mar, quítanolo ao créelo prescindible, por pensar que se pode ofrecer a mesma prestación de vixilancia e auxilio dende Santiago de Compostela.

No transcurso destes últimos meses tense trasladado informacións contrapostas sobre o futuro desta base de rescate. Dende o Goberno do Estado informouse dun traslado definitivo do helicóptero a Santiago de Compostela, para despois nestas últimas datas informar do contrario. A Xunta de Galiza tamén ten achegado información contraditoria, ao informar que o traslado tiña carácter de provisionalidade ou mesmamente confirmar que a operatividade está restrinxida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA).

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cal foi o custe total para facer operativa esta base concibida como unha das máis modernas do Estado? Que razóns aducen para non estar a pé de mar as dotacións aéreas e perder un tempo importante de actuación? Que problemas presenta a base de Ruibo para que o helicóptero fora desprazado a Compostela?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 11:35
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 20/10/2014 11:35:26.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- O elevado número de barcos que transitan polo Corredor de Fisterra e a numerosa flota pesqueira que faena no noso litoral non fai aconsellable que o Goberno galego reclame o funcionamento deste operativo dende unha localidade costeira como Cee? Que medidas ten desenvolvida para evitar o desmantelamento da base de Ruibo?

3.- Cales son as solucións técnicas para evitar que o helicóptero fixe a súa base en Compostela e volva a Ruibo? Que medidas ten impulsado o Goberno galego diante do Ministerio para que non aconteza como no aeroporto de Almería?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 20/10/2014 11:34:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2014 11:34:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 11:59
Nº Rexistro: 29240
Data envío: 20/10/2014 11:59:47.372

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a aparición dun can tiroteado en Antas de Ulla.

A denuncia aparecida nos medios de comunicación sobre o descubrimento dun can tiroteado no Concello de Antas de Ulla evidencia a situación advertida en numerosas ocasións por colectivos como a Asociación Animalista Libera na nosa terra, onde os casos de violencia e crueldade cara os animais continúan cun certo senso de impunidade.

O colectivo animalista leva recollidas xa máis de 156.000 sinaturas en demanda dun endurecemento das sancións contra este tipo de sucesos, e reclama medidas adicionais para loitar contra unha auténtica lacra que somete a milleiros de animais a maltrato directo, pero tamén a centos de abandonos cruentos.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Ten previsto a Xunta desenvolver algunha medida de sensibilización ao respecto da tenza responsábel?

-Qué investimento realizou o goberno galego en iniciativas contra o maltrato e abandono de animais domésticos?

-É consciente o goberno da situación de colapso das sociedades protectoras do país?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 11:59
Nº Rexistro: 29240
Data envio: 20/10/2014 11:59:47.372

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas adicionais vai adoptar como consecuencia da recentemente aprobada modificación da Lei de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

**Cosme Pombo Rodríguez**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2014 11:59:13**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/10/2014 11:59:20**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 12:17
Nº Rexistro: 29242
Data envío: 20/10/2014 12:17:11.903

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **María do Carme Adán Villamarín**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á presenza de persoas menores en touradas durante o verán.

A organización subsidiada de eventos tauromáquicos leva aparellado un acceso libre de persoas menores de idade a esta actividade contra o criterio de expertos e do propio Comité dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas.

Non podemos esquecer a aprobación por unanimidade por parte da cámara dunha iniciativa para impulsar restricións de acceso para nenos e nenas ás touradas, que fica adiada dende 2010 e que debería asumirse dunha vez por todas para cumprir co acordo parlamentar.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Qué opinión lle merece a presenza de nenos e nenas nas touradas á Xunta?

-Cando remitirá o proxecto ao Parlamento para avaliar este acceso das persoas menores de idade?

-Considera a Xunta axeitado o adoutrinamento na violencia das futuras xeracións?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
**María do Carme Adán Villamarín**
Deputadas do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2014 12:14:57**

**María do Carme Adán Villamarín na data 20/10/2014 12:15:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 12:29
Nº Rexistro: 29245
Data envío: 20/10/2014 12:29:36.966

**Carmen Iglesias Sueiro**, deputada do **Grupo Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O pasado 12 de outubro de 2014 Profesionais Especialistas dos Servizos de Análises clínicos, Hematoloxía, Inmunoloxía e Microbioloxía, remitían un informe sobre as carencias da medicina de laboratorio no novo hospital de Vigo apoiado por sociedades científicas, Colexio Médico de Pontevedra, sindicatos, outros profesionais, organizacións políticas e goberno local de Vigo.

No devandito informe advírtese da incoherencia de non dotar ao novo Hospital dun Área de laboratorio xa que nel atenderanse as urxencias; coidados intensivos de adultos, pediatría e neonatoloxía; cirurxía complexa, hematoloxía clínica; oncoloxía, etc. e desprazar os servizos centrais de laboratorio ao hospital do Meixoeiro non é seguro nin apropiado para os pacientes, sometidos a unha incerteza diagnóstica inaceptable no século XXI, nin para os médicos xa que afastar a medicina de laboratorio dos pacientes aumenta os niveis de risco de error de xeito innecesario.

Por elo formúlase a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**:

> Vai ter en conta a Consellería de Sanidade o informe dos Servizos de Análises Clínicos, Hematoloxía, Inmunoloxía e Microbioloxía sobre a dotación ao futuro Hospital Álvaro Cunqueiro (HAC)-Vigo dun Área de laboratorios como parte integrante do futuro complexo hospitalario?

Santiago a luns, 20 de outubro de 2014

*Asdo: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada do G.P. Mixto*

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 20/10/2014 12:29:10**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 13:11
Nº Rexistro: 29251
Data envío: 20/10/2014 13:11:55.169

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cosme Pombo Rodríguez**, **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á necesidade dun compromiso activo para evitar os desafiuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

A crise económica e as súas dramáticas consecuencias sociais está provocando que moitos cidadáns no noso país non poidan ver garantido na práctica o dereito a unha vivenda digna.

Desde o comezo da crise económica miles de cidadáns que accederon a unha vivenda a través de préstamos hipotecarios, están atravesando unha delicada situación que lles impide facer fronte ao vencemento dos créditos, véndose abocados a perder a súa vivenda.

Para facer fronte a este grave problema social é imprescindíbel que a Xunta de Galiza teña un compromiso activo para evitar os desafiuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

Lamentabelmente, a situación de debilidade e desamparo das persoas afectadas polas ameazas de execución hipotecaria, contrasta coas inmensas cantidades de diñeiro público concedido ás entidades financeiros, coa finalidade de contribuír ao seu saneamento e para que estas sigan cumprindo a súa función na economía.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 13:11
Nº Rexistro: 29251
Data envio: 20/10/2014 13:11:55.169

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao mesmo tempo que a cidadanía é sacrificada en aras de sanear ás entidades financeiras estamos vendo como estas mesmas entidades (mesmo incumprindo a Directiva europea sobre o particular) están actuando de forma despiadada coas persoas que como consecuencia dos cambios na súa situación persoal e laboral non poden facer fronte ao pago das súas hipotecas.

Boa mostra do dito é a carta recibida no Grupo Parlamentar do BNG no que unha familia nos conta:

*Que o 16 de outubro recibiu do xulgado de Ponteareas a execución hipotecaria da súa vivenda; que lle dan 30 días para pagar a débeda que teñen coa entidade bancaria ou quedarán sen casa.*

*Que a súa situación ( muller e marido) é como a de moitos cidadáns:*

*Ficaron sen traballo no 2012, neste intre non poden facer fronte á hipoteca por atopárense no paro mais, no caso de que a entidade financeira ("Abanca") devolvese o cobrado de máis en concepto de cláusulas solo (por " Cláusulas Solo" pagaron sobre 400 Euros mensuais durante 4 anos), poderían pagar a débeda de 18.000 €.*

*Manifestan atoparse desesperados por non poder pagar e porque o seu banco négase a negociar con eles, se non pagan a débeda que lle reclaman.*

*Manifestanse decepcionados de ver como se rescatan aos Bancos con fondos públicos e pregúntanse:*

*Por qué non hai quen obrigue á "Abanca" a devolver ás familias o diñeiro cobrado de máis, en todos estes anos que incumpriron a Directiva Europea sobre os Créditos hipotecario.?*

*Por qué non hai quen rescate ás familias?*

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

... carta que poderían ter escrito miles de persoas que perderon, ou están a piques de perder, a súa vivenda sen que por parte das entidades financeiras se buscase ningún tipo de alternativa para evitar que moitas destas persoas ficasen literalmente na rúa.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego resulta inasumíbel que ao tempo que se están empregando os cartos públicos, para sanear ás entidades financeiras, segue habendo centos de familias galegas (en situación de debilidade extrema) que son ameazadas por esas entidades financeira cunha execución hipotecaria inxusta e ilegal que supoñerá a perda do dereito a unha vivenda digna para as mesmas.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Xunta de Galiza debera ser a primeira interesada en parar a tremenda inxustiza que supón os miles de desafiuzamentos executados ou que se pretenden executar (moitos deles incumprindo a legalidade).

Polo anteriormente exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1º.- É coñecedora a Xunta de Galiza de situacións coma a desta familia ameazada en converterse nunha máis das desafiuzadas no noso país?

2º.- Que actuacións ten pensado tomar o Goberno galego para evitar estas situacións de gravísima inxustiza?

3º.- Ten pensado a Xunta de Galiza instar ao Goberno do Estado a solicitude de paralización de todos os procedementos de execución hipotecaria en curso?

4º.- Ten pensado a Xunta de Galiza algunha iniciativa para reclamar das entidades financeiras o cumprimento da lexislación europea en materia de cláusulas

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Solo? Ten pensado reclamar a devolución do cobrado ilexitimamente polas entidades financeiras (en concepto de cláusulas solo abusivas) ás familias hipotecadas?.

5º.- Ten pensado a Xunta de Galiza algunha iniciativa para reclamar das entidades financeiras a procura de solucións negociadas e compartidas coas familias que teñen problemas para afrontar a hipoteca?

6º.- Ten pensado a Xunta de Galiza reclamar das entidades financeiras algunha quita no importe das hipotecas, que teña en conta a responsabilidade das entidades financeiras na sobrevaloración das vivendas no período da burbulla inmobiliaria, e as axudas públicas que recibiron para sanealas para buscar solucións negociadas e compartir os problemas das hipotecas abusivas entre as dúas partes afectadas?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
**María do Carme Adán Villamarín**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/10/2014 13:11:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2014 13:11
Nº Rexistro: 29251
Data envio: 20/10/2014 13:11:55.169

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2014 13:11:17**

**María do Carme Adán Villamarín na data 20/10/2014 13:11:22**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/10/2014 13:11:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29273
Data envío: 20/10/2014 18:56:52.244

grupo parlamentario de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Hipólito Fariñas Sobrino, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández, Jacobo Moreira Ferro e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Índice de Transparencia das Comunidades Autónomas (INCAU 2014) elaborado por Transparencia Internacional ven de publicar a súa terceira edición o ranking coa evolución da transparencia das dezasete Comunidades Autónomas de España. Neste eido, a evolución de Galicia foi positiva e isto reflíctese na comparativa con outros anos para acadar, no último análise, unha puntuación de 93,8%.

Galicia é por tanto, unha das Comunidades Autónomas máis transparentes do Estado español; grazas a adopción, nestes últimos anos, de medidas de transparencia e racionalización levadas a cabo no sector público autonómico tales como plans de racionalización do sector público instrumental ou a homologación das retribucións do seu persoal directivo; supresión de vehículos no parque móbil; implantación da Lei de racionalización do sector público autonómico que incorpora o principio de autoprovisión e máximos controis en materia de contratación; redución de altos cargos (menos Consellerías, menos Direccións Xerais, menos delegacións territoriais,...)

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

grupo parlamentario de Galicia

Asimesmo a actual normativa sobre persoal que presta os seus servizos na Administración Pública permite a contratación de persoal eventual adscrito aos diferentes gabinetes dos membros do goberno da  Comunidade Autónoma. Persoal eventual que tamén se viu reducido nos últimos anos no marco de ese proceso de modernización e racionalización das administracións públicas, implementando medidas de eficiencia tendentes a asegurar aspectos tan importantes como a calidade da prestación dos servizos públicos.

Polo anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a evolución do persoal eventual que prestou ou está a prestar os seus servizos nos últimos anos na Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 20/10/2014 18:54:39**

**Agustín Baamonde Díaz na data 20/10/2014 18:54:50**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/10/2014 18:54:58**

**María Carmen Pardo López na data 20/10/2014 18:55:03**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 20/10/2014 18:55:15**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 20/10/2014 18:55:20**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29273
Data envío: 20/10/2014 18:56:52.244

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/10/2014 18:55:56**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/10/2014 18:56:01**

**Moisés Blanco Paradelo na data 20/10/2014 18:56:05**

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29274
Data envío: 20/10/2014 18:59:14.323

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación da Cova de Eirós.

A Cova de Eirós, situada no Concello de Triacastela, constitúe a mostra de arte rupestre máis antiga da Galiza e un dos xacementos paleontolóxicos con restos de oso cavernario máis relevantes da Península Ibérica. Porén este patrimonio atópase seriamente en perigo pola actividade que de xeito ilegal está realizando no entorno da Cova de Eirós. Así, segundo información remitida ao noso Grupo Parlamentar pola Asociación Ecoloxista ADEGA nun exhaustivo informe, os danos serían os seguintes:

### 1. FILTRACIÓNS DE AUGA

A escavación e retirada de material sobre a cova de Eirós, en primeiro lugar produciu a eliminación da capa superficial de terra, de composición arxilosa e relativamente impermeábel, así como da capa vexetal que a compactaba coas súas raíces e se nutría dela. Isto provoca un que a Cova de Eirós funcione como drenaxe do terreo sobre ela, que agora absorbe máis auga, e en maior concentración ao haber menos volume de terreo. O resultado é unha gran humidade dentro da cova, o cal dana gravemente as pinturas rupestres existentes nela.

Os veciños de Cancelo constatan que antes da actividade mineira, a Cova de Eirós era unha «cova seca», motivo polo cal até se refuxiaban nela co gando, mentres que agora a auga esvara polas paredes e hai unha forte humidade. Tamén os arqueólogos constatan que as pinturas rupestres, principalmente realizadas mediante

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carbón e pigmentos con terra sobre as paredes de calcaria, se teñen deteriorado mais nas últimas tres décadas que nos moitos milenios anteriores, debido a esta filtración de auga por causa da actividade mineira.

Para a protección e conservación das pinturas rupestres da Cova de Eirós serían necesarias medidas urxentes, a primeira delas, non permitir actividades extractivas no seu entorno, pois agravarían esa situación, e ademais, unha intervención de restauración do terreo sobre ela para recuperar a súa impermeabilización natural.

## 2. AUGAS SUBTERRÁNEAS

A morfoloxía e características da Cova de Eirós foron determinadas por una antiga canle de circulación freática, dende unhas condicións de *karst* funcional onde esa auga circulaba con enerxía, até una mudanza da dinámica, que levou a un progresivo abandono desa circulación, que pasou a ser menor e ocasional, indo progresivamente colmatando o seu interior de sedimentos en varios dos seus niveis, historia xeolóxica que se representa nas paredes interiores e na estratigrafía dos sedimentos.

A modificación das condicións freáticas do seu entorno poderían producir unha nova modificación nas dinámicas de circulación das augas subterráneas e nos niveis freáticos do terreo, o cal representa un grave risco para a súa conservación, así como das pinturas rupestres do seu interior.

## 3. VOADURAS

O uso de explosivos na explotación mineira é nefasta para a conservación da cova, e xa produciu nela desfeitas, como o desprendemento de estalagmitas e estalagtitas e fendas e fracturas nas súas paredas así como desprendementos de rochas.

A continuidade de actividades mineiras que se pretende, só faría que agravar eses danos producidos pola onda expansiva das explosións, nun macizo de rocha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29274
Data envio: 20/10/2014 18:59:14.323

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calcaria compacta que transmite a grandes distancias esas vibracións, que incluso afectan aos núcleos de poboación próximos, producindo as vivendas vibracións que en varias ocasións produciran danos, como fisuras ou desprendementos de azulexos. Se isto acontece a 2 km. da canteira, é facilmente deducíbel o efecto sobre a cova, a escasos metros.

Este feito tamén é constatado polas equipas de paleontólogos e arqueólogos durante as campañas de investigación na cova, que en anos anteriores, durante a actividade ilegal da canteira, eran evacuados do interior da Cova de Eirós por evidentes motivos de seguridade, ao existir graves riscos de derrubamento da Cova de Eirós.

## 4. IMAXE PÚBLICA E CONTORNA

**P**ara alén dos danos físicos, e por moitas medidas correctoras que se puidesen establecer, a existencia dunha explotación mineira co deterioro paisaxístico que ocasiona sobre este importantísimo e internacionalmente recoñecido xacemento arqueolóxico, así como a inaccesibilidade ao lugar para as persoas alleas á actividade extractiva, danan seriamente a imaxe das administracións, especialmente daqueles departamentos que teñen por obxecto a protección do patrimonio.

Alértase desde diferentes ámbitos de que a actividade mineira pode provocar un dano irreparábel e letal a un espazo único, alén de estarse obviando as obrigas da administración en materia de conservación do noso patrimonio arqueolóxico.

Por estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita ao obxecto de protexer, preservar, a Cova de Eirós:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29274
Data envío: 20/10/2014 18:59:14.323

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración realiza Xunta de Galiza sobre a situación da Cova de Eirós?

-É consciente a Xunta de Galiza do deterioro que está sufrindo esta cova por mor da actividade mineira?

-Que inspeccións ten realizado a Xunta de Galiza ao obxecto de comprobar o estado de conservación desta cova? En que data se realizaron estas inspeccións? Que resultados se derivan destas inspeccións?

-Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir a conservación do importante patrimonio arqueolóxico que alberga a Cova de Eirós?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/10/2014 18:57:38**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2014 18:57:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 17:55
Nº Rexistro: 29303
Data envío: 21/10/2014 17:55:23.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás obras no río Sarria.

Veciños e veciñas de Sarria, organizados a través da Plataforma Sarriana en Defensa do Río, veñen denunciando irregularidades nas obras previstas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e sufragadas en parte con fondos da Xunta de Galiza. O Grupo Parlamentar do BNG fíxose eco destas denuncias solicitando a paralización dunhas obras que non dan resposta á necesidade de actuar para mellorar o estado do río e evitar as enchentes. Porén a Xunta de Galiza e o PP negáronse a atender a esta petición e miraron para outro lado.

Na última semana téñense producido dous feitos relevantes que nos preocupan e deitan máis incertezas sobre a legalidade e oportunidade destas obras. Por unha banda, un informe do Consello da Cultura que suxire que as obras de realizárense deben preservar (cita literal):

“a) En primeiro lugar, considéranse como elementos para preservar dun xeito prioritario os que definen o patrimonio natural do contorno fluvial limitado polas pontes da rúa Castelao e de Ferro. É dicir, o bosque de ribeira de olmos e ameneiros, así como as dúas pequenas illas situadas no leito. Estes elementos naturais como definidores da paisaxe fluvial urbana de Sarria son indiscutibles, así como insubstituíbles. Débense salientar, como dato para ter moi en conta pola súa singularidade, as características vencelladas á conformación da Traza e do Territorio histórico do Camiño Francés ao seu paso pola vila de Sarria así como a escaseza de zonas verdes na armazón urbana da vila.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 17:55
Nº Rexistro: 29303
Data envío: 21/10/2014 17:55:23.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) En segundo lugar, os restos antigos que aínda se conservan da Ponte da Ribeira, elemento catalogado e, polo tanto, estruturante do territorio e da paisaxe urbana, por onde transcorre a rúa dos Peregrinos, deben ser obxecto tamén dunha protección especial. Aínda que as sucesivas reformas a que foron sometidos desvirtúan dun xeito importante o seu valor cultural e patrimonial, o valor afectivo que mantén tanto co Camiño de Santiago como coa poboación da vila en xeral xustifica a súa conservación e, na medida que vaia sendo posible, a súa paulatina restauración. A intervención que afecta a parte máis moderna, que debería desmontarse (para investigala e propoñer a conseguinte restauración), hai que realizala coas correspondentes cautelas (p.e. as recollidas na Resolución 12.04.2013), ao considerarse a posibilidade de que nas partes ocultas puidesen existir restos relevantes de orixe medieval, polo que as intervencións deberían realizarse sempre cos pertinentes controis arqueolóxicos.

c) En terceiro lugar, debe considerarse a existencia doutra arquitectura, preindustrial, estruturas asociadas, moi interesantes desde o punto de vista etnográfico e patrimonial-industrial, que serán afectadas parcialmente polas obras previstas, nomeadamente coa demolición da antiga presa, que será substituída por unha de nova factura.

d) Finalmente, as pontes de Ferro e do Toleiro teñen unha menor relevancia patrimonial, polo que a súa substitución por estruturas de nova factura debería xerar, se as condicións estéticas fosen axeitadas, un impacto de baixa intensidade ou, mesmo, inexistente. Non se ignora, de todas as maneiras, a existencia dunha relación afectiva con estes elementos por parte da poboación." E mesmo finalmente ofrecíase a realizar unha albor de mediación para buscar unha solución ao conflito que existente.

Mais recentemente, a Xustiza paralizou as obras por poderen constituír un delito contra o patrimonio histórico, dado que se pretende demoler parte da Ponte, que ademais forma parte do Camiño de Santiago que ten a declaración de BIC.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 17:55
Nº Rexistro: 29303
Data envío: 21/10/2014 17:55:23.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación súmase o evidente malestar causado pola modificación do horario escolar dun colexio Frei Luis de Granada, antepoñendo a educación dos nenos e nenas aos intereses da empresa que está realizando as obras.

Ante esta situación formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos feitos descritos?
2. Autorizou a Xunta de Galiza derribar a parte medieval da ponte a que facemos referencia?
3. Considera a Xunta de Galiza que está a cumprir coas súas obrigas en materia de protección e preservación do patrimonio?
4. Que valoración lle merece á Xunta de Galiza que a xustiza paralice estas obras?
5. Que valoración lle merece á Xunta de Galiza o informe emitido polo Consello da Cultura Galega?
6. Vai asumir a Xunta de Galiza este informe e concretamente a oferta de mediación do Consello da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

**Cosme Pombo Rodríguez**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 17:55
Nº Rexistro: 29303
Data envio: 21/10/2014 17:55:23.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/10/2014 13:55:03**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/10/2014 13:55:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 18:07
Nº Rexistro: 29315
Data envío: 21/10/2014 18:07:50.029

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Beatriz Sestayo Doce, Mª Soledad Soneira Tajes** e **Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

No edificio xudicial de A Parda (en Pontevedra), hai na actualidade 4 policías nacionais que realizan as funcións propias dese corpo no xulgado. Estas funcións consisten, basicamente, no control da entrada do edificio e no control das dependencias do Xulgado de Instrución de Garda. Estes funcionarios do Corpo Nacional de Policía pertencen a un grupo que se chama UVEX.

Ocorre que, sendo 4 funcionarios e habendo 5 días de funcionamento habitual do xulgado e 7 días no de Garda, teñen horarios imposibles. E iso ocorre porque, realmente, o traballo estaba pensado para 9 funcionarios; é dicir, son 5 menos, prazas que están sen convocar e sen cubrir.

No BOE de 8 de xullo de 2014, publicábase o convenio de colaboración e coordinación entre a Xunta de Galicia e o *Ministerio del Interior*, sobre seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia. Na estipulación 5ª do mencionado convenio, indícase que a súa eficacia rematará o día 31 de decembro deste mesmo ano e que pode ser prorrogado por acordo expreso das partes.

Ao noso entender e seguindo ese convenio, a Xefatura Superior de Galicia en Comisión de Servizo debería convocar as prazas que faltan para cubrir as 9 necesarias en Pontevedra (é dicir, 5 máis), entre os policías maiores de 58 anos que reúnan os requisitos  e que pertenzan ás comisarías onde están situados os xulgados, dando así oportunidade aos policías destinados en Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia da situación dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía (do grupo chamado UBEX) no edificio xudicial de A Parda, en Pontevedra?
2. Coñece o Goberno cantos hai?
3. Coñece o Goberno que funcións desenvolven?
4. Coñece o Goberno os seus horarios?
5. Sabe a Xunta de Galicia que, realmente, o traballo estaba pensado para 9 funcionarios e que as 5 prazas restantes están sen convocar e sen cubrir?
6. Ten pensado o Goberno da Xunta de Galicia prorrogar a eficacia do convenio de colaboración e coordinación entre a Xunta de Galicia e o *Ministerio del Interior*, sobre seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia (publicado no BOE de 8 de xullo de 2014)?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Beatriz Sestayo Doce
Mª Soledad Soneira Tajes
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2014 17:55:39**

**Beatriz Sestayo Doce na data 21/10/2014 17:55:47**

**María Soledad Soneira Tajes na data 21/10/2014 17:55:52**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 21/10/2014 17:55:58**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 18:08
Nº Rexistro: 29317
Data envío: 21/10/2014 18:08:43.826

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, Beatriz Sestayo Doce, Mª Soledad Soneira Tajes e Vicente Docasar Docasar,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Dende hai moitos anos, o edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa (en Pontevedra) non ten calabozos que se poidan utilizar. O seu lugar está ocupado como arquivo do propio xulgado.

De todos é coñecido que en Vilagarcía hai 3 Xulgados de Instrución que, por tanto, se turnan nas funcións de garda. Tamén que o índice de delito nesa comarca é alto. O que significa que, con moita frecuencia, hai persoas detidas que son levadas a disposición da autoridade xudicial que estea de garda en cada momento.

Transitoriamente, chegárase ao acordo de levar ás persoas detidas aos calabozos da Comisaría de Policía Nacional que está ao lado do edificio xudicial. Pero o acordo era so temporal. Ocorre que a situación é xa insostible.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que o edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa (en Pontevedra) non ten calabozos que se poidan utilizar porque o seu lugar está ocupado como arquivo do propio xulgado?
2. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia da existencia dun acordo para levar ás persoas detidas aos calabozos da Comisaría de Policía Nacional que está ao lado do edificio xudicial?
3. Sabe o Goberno de cando é ese acordo e entre que organismos se fixera?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4. Que medidas ten previsto adoitar o Goberno para por fin a esta situación?
5. Para cando?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Pablo García García
Beatriz Sestayo Doce
Mª Soledad Soneira Tajes
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2014 17:57:00**

**Pablo García García na data 21/10/2014 17:57:06**

**Beatriz Sestayo Doce na data 21/10/2014 17:57:11**

**María Soledad Soneira Tajes na data 21/10/2014 17:57:17**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 21/10/2014 17:57:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2014 18:11
Nº Rexistro: 29324
Data envío: 21/10/2014 18:11:35.389

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, José Luis Méndez Romeu, Francisco Caamaño Domínguez, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Fai case medio ano e despois de moito tempo de espera, xa que levaba anos de retraso, o Goberno Feijoo inauguraba con moita pompa e repercusión mediática e, por certo, xusto antes dunhas eleccións a comprometida ampliación do Servizo de Urxencias no Complexo Hospitalario da Coruña.

4000 metros cadrados máis e oito millóns de euros pagados por todos os galegos e as galegas fixeron posible esa ampliación, pero desgraciadamente e debido a mala xestión do Goberno Feijoo, non acabaron cos problemas e as deficiencias que a cidadanía estaba sufrindo na atención das urxencias neste complexo.

Deficiencias e problemas que están provocando queixas dos e das traballadoras dese servizo e incluso ameazas de folga por parte da comisión de centro e da xunta de persoal. E repunte nas sempre numerosas queixas da cidadanía pola atención recibida nese servizo.

Mesmo persoal, agora claramente insuficiente, para atender nun espazo maior e cunha demanda crecente, ademais, sen ter modificada a funcionalidade do servizo.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno a facer algunha modificación na dotación de persoal e na forma de funcionamento na ampliación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña? De ser así, en que sentido?

2. Lle parece suficiente a dotación de persoal actual? Cantos pacientes ten que atender cada profesional de enfermería? E cada técnica ou técnico de enfermería?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Cal foi o motivo segundo o Goberno desa precipitada apertura da nova área?

4. En canto se incrementaron as reclamacións nese servizo e por que motivos se fixeron?

5. Que demoras existen de media e cal é a máxima e a mínima espera medida dende que se inaugurou ese espazo?

Pazo do Parlamento, 20 de outubro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
José Luis Méndez Romeu
Francisco Caamaño Domínguez
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña do Campo na data 21/10/2014 18:02:38**

**Manuel Vázquez Fernández na data 21/10/2014 18:02:45**

**José Luís Méndez Romeu na data 21/10/2014 18:02:50**

**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 21/10/2014 18:02:55**

**María Carmen Gallego Calvar na data 21/10/2014 18:03:01**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 21/10/2014 18:03:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2014 11:00
Nº Rexistro: 29346
Data envío: 22/10/2014 11:00:05.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cosme Pombo Rodríguez** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á necesidade de ampliación do CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha.

A comunidade educativa do CEIP Ramón Otero Pedrayo (Laracha), o centro con maior número de alumnos que existe no municipio, leva varios anos reclamando unha nova edificación para substituír ao actual edificio onde se imparten as aulas de infantil porque é un edificio construído fai preto de 50 anos, en lamentábel estado de conservación e que mesmo pode representar problemas para a seguridade do alumnado.

A demanda do novo centro tamén viña fundamentada en que o propio CEIP precisa de máis prazas para poder ofertar unha educación de calidade para todo o alumnado da súa zona de influencia e na necesidade de resolver problemas de accesibilidade do propio centro.

Lamentabelmente, os anos pasan e os cursos escolares sucédense sen que se executen as obras necesarias para poder ofertar un ensino de calidade.

En 2011 é certo que a Consellería anunciou a construción dunha nova edificación para substituír ao actual centro onde se imparten as aulas de infantil, para satisfacer as demandas de toda a comunidade educativa que levaba moitos anos agardando, máis dende o 2011 a comunidade educativa continua a agardar con impaciencia, máis de 3 anos despois, a que se cumpran as súas demandas.

O día 3 de maio de 2012 os titulares de prensa recollían:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2014 11:00
Nº Rexistro: 29346
Data envío: 22/10/2014 11:00:05.628

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"Jesús Vázquez despexa as dúbidas sobre a ampliación do CEIP Ramón Otero Pedrayo ao presentar o proxecto de ampliación deste centro, ao confirmar que a capacidade do centro sería ampliado nun 50% e ao confirmar a creación de 225 novas prazas para estudantes."

"A nova edificación terá máxima accesibilidade, contará cun orzamento de preto dos 1,8 M€ e as primeiras actuacións iniciaranse neste 2012"

"Fixou no inicio do curso 2013-2014 a data na que se podería contar co novo edificio"

Lamentabelmente, pasou o 2012, 2013 e camiñamos de cara ao remate do 2014.

Pasou o inicio do 2013-214, pasou o inicio de curso 2014-2015 e o CEIP Ramón Otero Pedrayo sigue sen contar co novo edificio que poida dar solución aos graves problemas que presenta o centro para poder ofertar un ensino de calidade á altura dos tempos que corren.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Consellería de Educación, coa súa política de continuos recortes, está a deteriorar a calidade do ensino público que se está a ofertar no CEIP Ramón Otero Pedrayo.

O Grupo Parlamentar do BNG denuncia os continuos enganos e promesas incumpridas que a Consellería de Educación prometeu hai máis de tres anos pero que nunca se cumpren.

Polo anteriormente exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2014 11:00
Nº Rexistro: 29346
Data envío: 22/10/2014 11:00:05.628

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º.- É consciente a Consellería de Educación dos problemas que provocan os enganos á comunidade educativa do CEIP Ramón Otero Pedrayo de Laracha, sobre a construción do novo edificio?

2º.- Cal foi a razón para non comezar as obras anunciadas pola Consellería para o ano 2012?

3º.- Cal foi a razón para que no comezo do curso 2013-14 non estivera dispoñíbel a nova edificación? Cal a razón que tampouco estivera dispoñíbel no comezo do curso 2014-15?

4º.- Cando pensa cumprir a Consellería de Educación coa promesa feita no ano 2011?

5º.- Cal é o cronograma que manexa a Consellería para a execución do novo edificio.?

6º.- Que valor ten a palabra do Sr. Conselleiro de Educación?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2014 11:00
Nº Rexistro: 29346
Data envio: 22/10/2014 11:00:05.628

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 22/10/2014 10:58:53**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/10/2014 10:58:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29367
Data envío: 22/10/2014 18:41:01.656

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **María do Carme Adán Villamarín**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación de incomunicación que padecen as veciñas e veciños de San Vicente de Leira no concello de Vilamartín de Valdeorras.

A localidade de San Vicente de Leira, situada no concello de Vilamartín de Valdeorras, conta como principal vía de comunicación coa estrada provincial OU-807. Esta estrada ven padecendo desde fai case dúas décadas diferentes problemas e deficiencias que teñen provocado xa en diversas ocasións problemas de comunicación para os e as veciñas desta localidade, mesmo impedindo a circulación por dita estrada.

Hai que por de manifesto que nese entorno existen diversas empresas que se dedican á actividade extractiva de lousa que tamén se ven afectadas no seu quefacer por esta situación.

Recentemente produciuse un desprendemento na estrada que ten agravado de forma moi seria as dificultades que se veñen arrastrando desde hai tempo.

Actualmente logo de numerosas protestas veciñais e do reiterado incumprimento de compromisos asumidos pola Deputación provincial de Ourense o problema para as persoas afectadas segue a estar lonxe de estar resolto. Nas últimas semanas ofrecéronselles aos veciños diferentes alternativas, como un acceso por outras vías, mais que non garanten as posibilidades de paso de vehículos de emerxencias (ambulancias, bombeiros) e tampouco resolven as necesidades de transporte das empresas da lousa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29367
Data envío: 22/10/2014 18:41:01.656

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta limitación do dereito de mobilidade dos veciños e veciñas, de restrición no seu acceso a servizos públicos esenciais, incluso en caso de emerxencias, provoca graves trastornos no desenvolvemento da súa vida cotiá e mesmo situacións de grande angustia en persoas, moitas delas de idade avanzada, ante o temor de non poderen ser atendidas en caso de producirse unha situación de emerxencia.

Aínda sendo esta estrada de titularidade provincial consideramos que a gravidade dos feitos, a súa afectación a dereitos básicos das persoas, así como o grave perigo que para a seguridade viaria ten o estado da estrada en cuestión, fai que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considere imprescindíbel unha actuación urxente por parte do Goberno Galego.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Ten coñecemento da situación da estrada OU-807 e das graves consecuencias que esta ten para a vida das persoas de San Vicente de Leira no concello de Vilamartín de Valdeorras?

2.- Recibiron algún tipo de requirimento ou solicitude de colaboración da Deputación provincial de Ourense, ou do concello de Vilamartín de Valdeorras, para buscar unha solución definitiva aos problemas estruturais que desde fai dúas décadas veñen afectando a esta poboación?

3.- De ser así, ten algunha avaliación en relación con que actuacións serían necesarias para resolver esta situación e garantir a mobilidade e o acceso a esta localidade?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29367
Data envío: 22/10/2014 18:41:01.656

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Á vista da grave situación que están vivindo os e as veciñas de San Vicente de Leira, da limitación de acceso a servizos básicos, ten previsto realizar algunha actuación urxente?

5.- Non cre que a existencia de empresas de extracción de lousa nese lugar fai aínda máis urxente algunha actuación para garantir a seguridade de todas as persoas e vehículos que transitan pola zona?

6.- Que actuacións ten previsto realizar ao respecto?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
**María do Carme Adán Villamarín**,
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tareixa Paz Franco na data 22/10/2014 18:37:50**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/10/2014 18:37:56**

**María do Carme Adán Villamarín na data 22/10/2014 18:38:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 12:40
Nº Rexistro: 29383
Data envío: 23/10/2014 12:40:11.824

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín**, **Montserrat Prado Cores** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A empresa Gestamp, instalada no Porriño, é un dos principais provedores da industria viguesa de automoción, con 319 traballadores/as, pese a que desde o inicio da denominada crise viu mermado o seu su colchón de traballadores eventuais nunhas 200 persoas, de feito a empresa tivo que poñer en marcha un plan de viabilidade económica. Lembrar que en 2006 a empresa chegou a ter 470 traballadores en activo.

Desde 2001 esta empresa adícase á fabricación de pezas de grande estampación e conxuntos ensamblados para varios fabricantes, aínda que o seu principal cliente é o centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën. Esta empresa recibiu axudas públicas para a súa instalación no ano 2000 e 2009 a través do IGAPE, no ano 2012 recibiu 2,3 millóns de euros, segundo fixo público o daquela conselleiro, Javier Guerra, cando visitou as instalacións.

A empresa está neste momento nun ERE e pretende despedir a 85 traballadores/as. Isto implica unha nova perda de traballo na comarca de Vigo e acende moitas alarmas sobre o futuro da empresa auxiliar do automóbil en Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que axudas públicas recibiu a empresa Gestamp nos últimos dez anos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 12:40
Nº Rexistro: 29383
Data envío: 23/10/2014 12:40:11.824

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Cal foi a cuantía destas axudas?

3. Que medidas adoptou o Goberno galego para evitar o despedimento de traballadoras e traballadores de Gestamp?

4. Que medidas adoptou ou pensa adoptar o Goberno galego para asegurar futuro ao sector auxiliar do automóbil?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 23/10/2014 12:36:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2014 12:36:25**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/10/2014 12:36:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 13:00
Nº Rexistro: 29390
Data envío: 23/10/2014 13:00:04.684

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín** e **Tereixa Paz Franco**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Resolución do 20 de setembro de 2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria da publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta Consellería no segundo cuadrimestre do ano 2014, seguindo o artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xullo) que impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

Segundo esta resolución a Consellaría de Economía e Industria estableceu convenios cos medios de comunicación neste cuadrimestre por valor de 230.000 euros, o que para este grupo parlamentar é unha cantidade obscena e desorbitada o un país que vive un momento de desindustralización crecente.

Por isto formúlamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é a finalidade dos convenios asinados cos medios de comunicación durante o segundo cuadrimestre do 2014 por parte da Consellería de Economía e Industria?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 13:00
Nº Rexistro: 29390
Data envio: 23/10/2014 13:00:04.684

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considera que o Goberno galego que o papel fundamental desta Consellaría é facer campañas de publicidade e autobombo?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Tereixa Paz Franco
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 23/10/2014 12:58:37**

**María Tareixa Paz Franco na data 23/10/2014 12:58:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29400
Data envío: 23/10/2014 14:56:33.012

# Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **Escrita**.

O acoso escolar afecta ao 4% das nenas e nenos de Primaria e ao 8% en Secundaria segundo datos da *Asociación Contra el Acoso Escolar*. Nos últimos anos ten medrado mais entre as mozas que entre os mozos. Ademais, hai especialistas que sinalan que o *bullying* está detrás da metade dos suicidios entre menores.

O uso das redes sociais acentuou este problema. Segundo o informe “Screening del uso problemático de internet entre los adolescentes de la Comunidad Gallega (2014)” elaborado entre o Valedor do Pobo e a Universidade de Santiago de Compostela, o 8’9% das e dos adolescentes que usan as redes sociais manifestan terse sentido ameazad@s/acosad@s ou humillad@s a través de internet nos últimos 12 meses e o 6’8% ameazou ou acosou a alguén.

A Dirección Xeral de Educación por medio da Instrución do 17 de xuño de 2013 deu traslado aos centros docentes sostidos con fondos públicos do Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e do ciberacoso elaborado con data 2013.

Por elo formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión.

1. Como se está a aplicar nos centros educativos o Protocolo Xeral de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e do ciberacoso?

2. Que valoración fai a Consellería de Educación sobre a aplicación do Protocolo e os resultados obtidos co mesmo?

Pazo do Parlamento a xoves, 23 de outubro de 2014

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Deputada e Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*



***Asinado dixitalmente por:***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 16:30
Nº Rexistro: 29400
Data envio: 23/10/2014 14:56:33.012

***Carmen Iglesias Sueiro na data 23/10/2014 14:55:09***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 17:53
Nº Rexistro: 29405
Data envío: 23/10/2014 17:53:43.934

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as peaxes na sombra en materia de infraestruturas.

Coa finalidade de poder avaliar o impacto das peaxes na sombra formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que cantidades dedicou a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao pago das denominadas peaxes na sombra nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014 respectivamente?

-Que porcentaxe supoñen esas cantidades sobre o total dos fondos destinados a investimento real da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en cada un deses anos?

-Que cantidades se acabaran aboando, segundo as previsións da Xunta, en cada unha das concesións con peaxes na sombra en materia de infraestruturas?

-Non considera a Xunta de Galiza que este sistema á moito máis gravoso e custoso para o erario público que o sistema de xestión directa?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2014

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2014 17:53
Nº Rexistro: 29405
Data envio: 23/10/2014 17:53:43.934

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/10/2014 17:52:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 29337
Data envio: 21/10/2014 19:37:31.717

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco** e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicitan a seguinte **corrección de erros** nos documentos con número de rexistro **27402**, **27407**, **27408** e **27409**:

No encabezamento onde dí: “María Tereixa Paz Franco”

Debe dicir: “Montserrat Prado Cores”.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
**Cosme Pombo Rodríguez**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tareixa Paz Franco na data 21/10/2014 19:36:36**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/10/2014 19:36:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2014 09:30
Nº Rexistro: 28701
Data envio: 14/10/2014 19:28:12.641

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha "a bombo e prato" ao longo dos últimos meses unha serie de experiencias de formación profesional dual en determinados centros educativos da nosa comunidade autónoma.

Tendo en conta que esta experiencia ten suscitado na comunidade educativa sensacións contraditorias, e que ten pasado un tempo prudencial para poder facer unha valoración obxectiva, os deputados e a deputada que asinan preguntan o Goberno galego:

Cantos e cantas alumnos e alumnas teñen participado nesta experiencia dende a posta en marcha da FP Dual en Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/10/2014 19:24:42**

**María Concepción Burgo López na data 14/10/2014 19:24:51**

**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 14/10/2014 19:25:02**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727